

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 29 DE ABRIL DE 2014.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 29 de abril de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) Aprobación da acta da sesión do 16.04.2014.

2º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

3º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

4º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións e actividades publicitarias.

5º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre o Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos.

6º) Sorteo público das Mesas para as Eleccións ao Parlamento Europeo 2014.

1º) Aprobación da acta da sesión do 16.04.2014.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 16.04.2014.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 24 de abril de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 28 de abril de 2014, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a aprobación da modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 16-T reguladora da taxa por licenzas urbanísticas, motivado pola necesidade de adecuar a ordenanza á normativa vixente en materia de solicitudes de licenzas urbanísticas e presentación de comunicacións previas e declaracións responsables establecida tanto na normativa estatal coma na autonómica, especificamente pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, xunto coa necesidade de corrixir erros e defectos da ordenanza vixente e igualmente a actualización de contías, de xeito que harmonicen coas cantidades establecidas por concellos do contorno, tal e como se fixo no seu día a través da Mancomunidade de Santiago, actualización que neste Concello se considera conveniente aplicar posto que as contías establecidas se atopaban sen modificar desde 2004, a pesar dos continuos incrementos dos gastos derivados do incremento de prezos ao consumo.

Xunto a elo resulta necesario proceder á corrección de erros técnicos apreciados na ordenanza vixente, polo que en virtude do principio de seguridade xurídica, resulta procedente dada a envergadura das modificacións, derrogar a ordenanza anterior e aprobar unha nova de xeito simultáneo.

Vistos o informe de Secretaría e o informe técnico-económico de Intervención sobre o custo do servizo que constitúe o feito imponible da taxa, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal núm. 16-T reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, que ten o seguinte contido:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), o Concello de Brión establece a taxa á que se refire o artigo 20.4 h) do TRLRFL.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar se os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que vaian realizarse no termo municipal, axústanse ao ordenamento urbanístico vixente e se reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, todo elo de conformidade co establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que:

- a) sexan solicitantes dunha licenza ou que presenten a comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda.
- b) executen as instalacións, obras ou construcións sen ter obtido a preceptiva licenza, ou sen presentar a comunicación previa ou declaración responsable cando se permita.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras, de conformidade co previsto no artigo 23.2.b) do TRLRFL.

Artigo 4. Responsables solidarios e subsidiarios.

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei xeral tributaria, de acordo co previsto neles.

Artigo 5. Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cota fixa á que, segundo a natureza do expediente a tramitar, se lle sumará outra cantidade en función da superficie, lonxitude ou unidade, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. Para determinar a superficie das obras e instalacións terase en conta a totalidade das súas plantas e espazos construídos, sen prexuízo do indicado para o caso das rehabilitacións.

Artigo 6. Tarifa.

1. Licenzas ou autorizacións para a segregación de parcelas urbanas, por cada parcela resultante: 64,57 €

2. Licenzas de primeira ocupación de vivendas unifamiliares:

- a) vivendas de ata 200 m² de superficie construída: 64,57 €
- b) vivendas de 201 m² a 400 m² de superficie construída: 96,85 €
- c) vivendas de máis de 400 m² de superficie construída: 129,14 €

3. Licenzas de primeira ocupación de vivendas colectivas:

- a) cota fixa por inmovible: 96,85 €
- b) por cada unidade de vivenda e por cada 100 m² ou fracción de local comercial ou industrial: 16,15 €
- c) por cada 100 m² ou fracción de garaxes, trasteiros e demais dependencias auxiliares: 10,76 €

4. Instalación de tanques, depósitos de almacenamento de auga, piscinas, etc., así como outros depósitos de almacenamento de gas, petróleos, gasóleos e similares: 64,57 €

5. Instalación de quioscos en vía pública:

- a) cota fixa por unidade: 64,57 €
- b) por cada metro cadrado: 32,28 €

6. Instalación de carteis publicitarios: 64,57 € por cada acto publicitario independente.

7. Fixación de liñas e rasantes:

7.1 Fixación de liñas e rasantes de edificacións:

- a) cota fixa por unidade: 64,57 €
- b) por cada metro: 1,61 €

7.2 Fixación de liñas en peches de fincas:

- a) cota fixa por unidade: 64,57 €
- b) por cada metro que dea fronte á vía pública: 1,61 €
- c) resto de liña: 0,33 €

8. Construción de edificacións:

- a) Os primeiros 200 metros cadrados construídos: 0,33 € por metro cadrado.
 - b) Dos 200 aos 1.000 metros cadrados construídos: 1,61 € por cada metro cadrado deste tramo.
 - c) A partir de 1.000 metros cadrados construídos: 2,21 € por cada metro cadrado deste tramo.
 - d) Cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de 64,57 €
- No caso de obras de rehabilitación, os anteriores importes serán aplicados sobre a superficie do inmovible sobre a que se actúe.

9. Demolición de edificacións:

- a) Os primeiros 1.000 metros cadrados: 0,16 € por metro cadrado.
- b) A partir de 1.000 metros cadrados: 0,33 € por metro cadrado deste tramo.
- c) cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de 64,57 €

10. No caso de obras maiores: expedición e subministro do cartel de obra normalizado: 31,46 €. O concello expedirá e subministrará aos interesados o cartel de obra obrigatorio normalizado que terá as seguintes características: cartel de cor branca, rotulado a dúas cores (branco e verde), coas medidas de 0,70 x 0,60 metros (apaisado).

11. Por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito imponible desta ordenanza e non apareza especificada nos epígrafes desta tarifa, esixirase unha taxa mínima de 64,57 €

12. Polas declaracións de incorporación ao patrimonio do titular daquelas edificacións ou construcións realizadas sen licenza, nos termos previstos na lexislación urbanística: esixirase un 50% a maiores das tarifas estipuladas no apartado 8 deste artigo 6 (construción de edificacións).

13. Para os efectos da aplicación do apartado 8 deste artigo non terán a consideración de edificacións as naves e silos agrícolas e as instalacións agrícolas desmontables.

Artigo 7. Supostos de non suxeición.

Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa, pero si a obriga de solicitar licenza ou presentar a comunicación previa ou declaración responsable, nos casos en que proceda, as seguintes actuacións:

- a) As obras que deban efectuar os particulares nas vías públicas ou na fachada dos pisos baixos e que sexan consecuencia directa das modificacións de aliñacións ou rasantes, canalizacións ou sumidoiros que faga o Concello.
- b) O branqueo, pintado ou revestimento das fachadas e muros.
- c) As derrubas ou demolicións que se produzan como consecuencia de declaracións de ruína inminente e que fosen ordenados polo Concello.

d) As derrubas ou demolicións daqueles inmobles que de acordo coa actual regulamentación urbanística do Concello se atopen fóra de ordenación e fosen ordenadas por este último.

e) As instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas que estivesen suxeitas a licenza urbanística municipal ou a calquera outra actividade municipal técnica e administrativa de verificación que constituía o feito imponible desta taxa.

Artigo 8. Devengo.

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística ou coa presentación da comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non conforme coa normativa aplicable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para tal efecto ou a súa demolición se non foran conformes á normativa aplicable.

3. A obriga de contribuír, logo de nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenza ou da comunicación previa ou declaración responsable nos casos en que proceda, logo de comprobar que non se axusta á normativa aplicable, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante logo de concedida a licenza ou autorizada/comprobada a comunicación previa ou declaración responsable.

Artigo 9. Normas de xestión.

1. Os interesados na obtención dunha licenza de obras ou urbanística virán obrigados a presentar no rexistro do Concello a oportuna solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable cando proceda, acompañando proxecto visado polo colexio oficial respectivo, especificando a natureza da obra, lugar de emprazamento, importe estimado desta, medicións e destino.

2. Cando se trate de actos nos que, de conformidade coa normativa estatal, autonómica e local aplicable, non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, acompañarase á solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable dun presuposto das obras a realizar así como unha descrición precisa da superficie afectada, materiais a empregar e en xeral, das características da obra ou acto, dos cales os seus datos permitan comprobar o seu custe.

3. Se despois de formulada a solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable se modificase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento do Concello, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 10. Liquidación, notificación e ingreso.

1. Á vista da documentación presentada polos interesados, previo estudo e valoración da mesma pola oficina técnica municipal, practicarase liquidación provisional tomando como base imponible para esta liquidación o orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo colexio oficial correspondente. Noutro caso, servirá de referencia para a determinación da base liquidable, o listado de prezos que figura no anexo á ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

2. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custe real e efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a cota tributaria á que se refire o artigo 5 desta ordenanza, practicando

a correspondente liquidación, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3. O ingreso realizarase nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 11. Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións será aplicable, segundo dispón o artigo 11 do TRLRFL, a regulación contida nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición derogatoria.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza quedará derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas publicada no BOP do 31.12.2004.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto definitivamente aprobado no BOP, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 24 de abril de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 28 de abril de 2014, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a aprobación da modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 4-I reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, motivado pola necesidade de adecuar a ordenanza á normativa vixente en materia de solicitudes de licenzas urbanísticas e presentación de comunicacións previas e declaracións

responsables establecida tanto na normativa estatal coma na autonómica, especificamente pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, xunto coa necesidade de actualización de contías, de xeito que harmonicen coas cantidades establecidas por concellos do contorno, tal e como se fixo no seu día a través da Mancomunidade de Santiago, actualización que neste Concello se considera conveniente aplicar posto que as contías establecidas se atopaban sen modificar desde 2009, a pesar dos continuos incrementos dos gastos derivados do incremento de prezos ao consumo.

Igualmente resulta necesario proceder á modificación desta ordenanza por estar relacionada coa ordenanza reguladora da taxa por polo outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

En virtude do principio de seguridade xurídica, resulta procedente dada a envergadura das modificacións, derrogar a ordenanza anterior e establecer unha nova de xeito simultáneo.

Visto o informe de Secretaría, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal núm. 4-I reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ten o seguinte contido:

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante TRLRFL), este Concello establece o imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e por esta ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a realización neste termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello.

2. Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior; e en particular as seguintes:

- a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, ao aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.
- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.

h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa seu emprazamento.

i) Os usos e instalacións de carácter provisorio.

l) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.

ll) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, aos servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.

m) A realización de calquera outra actuación establecida polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipais, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

n) Derrubamentos.

ñ) Aliñacións e rasantas.

o) As que se realicen en cemiterios.

p) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra o urbanística.

3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo ao interesado.

Artigo 3. Exencións.

Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de construción nova como de conservación.

A declaración de que concorren as circunstancias expresadas no parágrafo anterior será efectuada polo órgano competente, previo informe dos servizos económicos.

Artigo 4. Suxeitos pasivos e substitutos do contribuínte.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Para os efectos deste apartado terán a consideración de donos das construcións, instalacións ou obras os que soporten os gastos ou custos que comporten a súa realización.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

3. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 5. Base imponible.

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os

honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

Artigo 6. Tipo de gravame e cota tributaria.

1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

- a) Tipo xeral: 2%.
- b) Construcións, instalacións e obras en solo industrial: 2,5%.
- c) Construción de edificacións plurifamiliares, vivendas colectivas ou promocións de máis dunha vivenda unifamiliar: 4%.

Considerarase como promoción de máis dunha vivenda unifamiliar aqueles casos en que as licenzas, sen prexuízo de referirse no seu caso a unha soa vivenda, sexan solicitadas de xeito simultáneo ou sucesivo por un mesmo promotor, cando as obras estean ubicadas nun mesmo lugar.

2. A cota líquida do imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar á cota íntegra as bonificacións que se establecesen no artigo 8.º desta ordenanza.

Artigo 7. Devengo do imposto.

1. A obriga de contribuír nace no intre de comezar a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza ou autorización que proceda.

2. Para os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal, ou autorización nos casos en que sexa procedente a presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ao mes da data da resolución do órgano competente.

Artigo 8. Bonificacións.

1. Bonificacións enmarcadas no artigo 103.2.a) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para as que se require a previa declaración de especial interese ou utilidade municipal polo órgano competente a solicitude do suxeito pasivo:

a) Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota tributaria para as seguintes instalacións, construcións e obras:

- 1) As obras, construcións e instalacións que, debendo ser entregadas ao patrimonio municipal, fosen executadas por outras administracións públicas en virtude de convenio de colaboración ou cooperación co Concello.
- 2) As obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.
- 3) As obras que consistan en construción e reconstrución de muros, como consecuencia da necesidade de ensanche das vías públicas si se efectuara a cesión gratuíta dos terreos polos propietarios.
- 4) A execución de obras de urbanización realizadas polos propietarios afectados, sempre e cando se entreguen posteriormente ao patrimonio municipal.
- 5) As obras realizadas nos centros públicos sempre que estas se realicen nos niveis de educación obrigatoria.

b) Establecese un beneficio fiscal do 90% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primeiro, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que rexa para a contratación da obra.

c) Terán unha bonificación do 50% da cota as construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.

d) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

En todos os casos recollidos nas letras anteriores a concesión do beneficio fiscal, así como a declaración de especial interese ou utilidade municipal requirirá, en todo caso, solicitude previa do suxeito pasivo e informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

2. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación deses sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica vixente en cada momento. A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 50% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

3. Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal e autonómica sobre a materia.

Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

4. Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados/as. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos/as discapacitados/ as, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota. Non se concederá esta bonificación cando a eliminación de barreiras arquitectónicas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica vixente en cada momento.

5. As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) Solicitude do interesado.

b) Informe dos servizos municipais correspondentes (urbanismo, cultura, emprego, medio ambiente) e, en todo caso, informe do servizo de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello.

c) Acordo de concesión polo órgano competente.

6. As solicitudes de bonificación incluídas neste artigo deberán presentarse con carácter previo á concesión das correspondentes licenzas ou autorizacións de declaracións responsables ou comunicacións previas nos casos en que proceda a súa presentación.

7. As bonificacións aplicaranse sobre a cota íntegra do imposto e serán compatibles, agás as recollidas no apartado 1 deste artigo que serán incompatibles entre si, e a recollida no apartado 1 a), que será incompatible con calquera outra. En todo caso as bonificacións aplicadas de forma acumulativa neste artigo en ningún caso poderán exceder do 75% da cota íntegra.

Artigo 9. Normas de xestión.

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, acompañada dos correspondentes orzamentos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, terá o valor de declaración tributaria, por canto dos orzamentos que se acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 10 desta ordenanza.

2. Os suxeitos pasivos que inicien a construción, instalación ou obra e non tiveran presentado unha comunicación previa ou declaración responsable, nin tiveran concedida aínda a licenza preceptiva teñen a obriga de presentar, no prazo máximo dun mes a contar desde o inicio da construción, instalación ou obra a declaración tributaria que permita practicar ao Concello a correspondente liquidación provisional a conta.

3. Concedida a licenza ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa ou adoptado o acordo aprobatorio ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras que se realicen ou cando sen ter solicitado, concedido ou denegado aínda a licenza preceptiva ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, sen que o pagamento comporte ningún tipo de acto declarativo de dereito a favor daqueles.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo colexio oficial correspondente cando isto constituía un requisito preceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal de acordo co custo estimado da actuación presentado polo interesado e atendendo, no caso de desproporción, aos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo desta.

4. O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras. No caso de que se modifique o proxecto e houbese incremento do presuposto, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse declaración complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición aos requisitos sinalados nos apartados anteriores.

5. Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modificar a base imponible á que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte. Para a confección da liquidación definitiva, o obrigado tributario deberá declarar, no prazo de dous meses desde a finalización da obra, o seu custo real e efectivo, mediante a presentación do certificado ou presuposto final da obra visado polo colexio oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, ou de calquera outro documento que se considere oportuno.

6. No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule e se aprobe a renuncia expresa á licenza ou caducara esta.

7. Nos supostos de licenzas concedidas en virtude da aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá realizarse antes de dar comezo as obras.

8. O ingreso do imposto realizarase nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 10. Infraccións e sancións.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición derogatoria.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza quedará derogada a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras publicada no BOP do 24.12.2009.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto definitivamente aprobado no BOP, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO. Módulos para a determinación obxectiva da base impositiva do imposto de construcións, instalacións e obras.

1. Obra menor:

- 1.1. Demolición de muros: 17,61 €/m²
- 1.2. Demolición de tabiques: 4,64 €/m²
- 1.3. Levantado de solainas: 5,12 €/m²
- 1.4. Picado de azulexados e revestimentos: 6,13 €/m²
- 1.5. Demolición de forxados: 11,46 €/m²
- 1.6. Demolición completa: 11,08 €/m²

2. Movemento de terras:

- 2.1. Escavación de gabias: 9,18 €/m³
- 2.2. Escavación de baleirado: 2,52 €/m³
- 2.3. Recheo de gabias: 13,15 €/m³
- 2.4. Recheo de ceo aberto: 7,58 €/m³
- 2.5. Carga e transporte de terras a vertedoiro: 5,15 €/m³
- 2.6. Tubos de canalización: 4,30 €/m

3. Peches:

- 3.1. Peche de estacas e arame: 4,30 €/m
- 3.2. Peche de tea: 22,85 €/m
- 3.3. Peche de zócalo fábrica e tea: 36,79 €/m
- 3.4. Peche de fábrica h. 1 m: 27,81 €/m
- 3.5. Peche de zócalo fábrica e celosía: 53,75 €/m
- 3.6. Peche de cachotería e celosía: 89,08 €/m
- 3.7. Peche de cachotería e reixa: 40,91 €/m
- 3.8. Colocación de columna para contador da luz: 228,98 €/ud.

4. Cubertas:

- 4.1. Demolición de cuberta de fibrocemento: 2,47 €/m²
- 4.2. Demolición de cuberta de tella: 4,30 €/m²
- 4.3. Cuberta de fibrocemento: 15,59 €/m²
- 4.4. Cuberta de tella: 36,79 €/m²
- 4.5. Cuberta de lousa: 53,21 €/m²
- 4.6. Substitución de tella por fibrocemento: 20,46 €/m²

- 4.7. Substitución de tella por tella: 32,72 €/m2
- 4.8. Substitución de tella por fibrocemento e tella: 45,02 €/m2

5. Albanelería:

- 5.1. Formigón en masa: 9,58 €/m3
- 5.2. Estrutura completa de formigón armado: 67,89 €/m2
- 5.3. Estrutura completa de aceiro: 74,42 €/m2
- 5.4. Estrutura naves de formigón armado: 42,55 €/m2
- 5.5. Estrutura naves metálica: 50,71 €/m2
- 5.6. Soleira: 17,97 €/m2
- 5.7. Forxado: 57,27 €/m2
- 5.8. Muro de contención de formigón armado: 66,51 €/m2
- 5.9. Muro de cachotería: 122,69 €/m2
- 5.10. Muro de bloque: 28,63 €/m2
- 5.11. Muro de ladrillo (tabiquería): 14,77 €/m2
- 5.12. Cerramento de dobre folia de ladrillo: 42,49 €/m2
- 5.13. Celosía, balaustrada: 31,04 €/m2
- 5.14. Azulexado: 20,46 €/m2
- 5.15. Solaina: 29,45 €/m2
- 5.16. Enfoscado: 10,63 €/m2

6. Pinturas:

- 6.1. Pintura interior: 4,87 €/m2
- 6.2. Pintura exterior: 7,79 €/m2

7. Galpóns:

- 7.1. Galpón de bloque ou ladrillo: 167,66 €/m2
- 7.2. Galpón de madeira: 85,90 €/m2

8. Carpintería:

- 8.1. Porta de entrada: 286,33 €/m2
- 8.2. Porta interior: 126,69 €/ud.
- 8.3. Fiestra: 173,67 €/m2
- 8.4. Fiestra en plano de tellado: 180,02 €/m2
- 8.5. Peche de balcóns e terrazas con galería: 163,62 €/m2
- 8.6. Reixa de seguridade e portas e fiestras: 53,21 €/m2
- 8.7. Fronte de portal: 139,09 €/m2

9. Instalación de fontanería e saneamento:

- 9.1. Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.): 180,02 €/ud.
- 9.2. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.): 237,30 €/ud.
- 9.3. Instalación de cociña: 204,48 €/ud.
- 9.4. Lavado incluso billame: 204,48 €/ud.
- 9.5. Inodoro: 220,88 €/ud.
- 9.6. Bidé incluso billame: 167,18 €/ud.
- 9.7. Bañeira incluso billame: 196,32 €/ud.

10. Instalación de electricidade:

- 10.1. Instalación de electricidade: 1.472,50 €/ud.

11. Instalación de calefacción:

- 11.1. Instalación.
Mínimo ata 100 m2: 4.402,44 /ud. 16,40 euros/m2.

12. Pozos:

- 12.1. Pozo de barrena: 1.554,28 €/ud.
- 12.2. Pozo artesán: 2.045,10 €/ud.

13. Depuración:

- 13.1. Fosa séptica e pozo filtrante: 1.472,50 €/ud.

14. Piscinas:

14.1. Piscina completa. Mínimo: 12.270,75 €/ud.

15. Pistas:

15.1. Pista deportiva: 81,71 €/m2

15.2. Beirarrúa: 21,28 €/m2

16. Guindastre:

16.1. Guindastre: 354,82 €/ud.

17. Colocación de andamios:

17.1. Colocación de andamios: 35,48 €/ud.

2. Obra maior:

Relación de prezos medios de execución material (m2 construído).

Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares: 461,36 €/m2

Outros usos en edificio de vivendas plurifamiliares: (espazos baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 183,44 €/m2

Usos de vivenda unifamiliar: 550,1 €/m2

Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar: (espazos baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 178,1 €/m2

Edificios con uso exclusivo industrial:

Sen proceso produtivo: 229,26 €/m2

Edificio con uso exclusivo terciario: 412,4 €/m2

Acondicionamento ou reforma de locais comerciais: 400,56 €/m2

Nota: no caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas obras aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, agás que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestimar a valoración realizada.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións e actividades publicitarias.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 24 de abril de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 28 de abril de 2014, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións e actividades publicitarias, motivado pola escasa contía á que ascende a matrícula de contribuíntes que fai que resulte antieconómico para o Concello dados os gastos que comporta a xestión da mesma.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións e actividades publicitarias, publicada no BOP do 30.12.2000, con modificación posterior publicada no BOP do 31.12.2004.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación da ordenanza derogada no BOP para a súa entrada en vigor e xeral coñecemento, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) Aprobación da proposta da Alcaldía sobre o Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 24 de abril de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 28 de abril de 2014, que transcrita di:

Vistas as bases do Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos, publicadas no BOP do 09.01.2014, e a súa modificación publicada no BOP do 01.04.2014, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no “Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
PROXECTO DE MANTEMENTO DE DIVERSAS PISTAS RURAIS DISTRIBUIDAS POLA TOTALIDADE DO TERMO MUNICIPAL DE BRIÓN.	156.099,98	0	156.099,98
TOTAL	156.099,98	0	156.099,98

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
-----	0	0
TOTAL	0	0

C) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	156.099,98	0	0	156.099,98
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	0	0	0	0
TOTAL	156.099,98	0	0	156.099,98

2º) Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial.

4º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) Sorteo público das Mesas para as Eleccións ao Parlamento Europeo 2014.

Realizado o sorteo público ao abeiro do disposto no art. 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para a constitución das mesas electorais para as próximas eleccións ao Parlamento Europeo do 25 de maio, as mesmas quedan compostas do seguinte xeito:

DISTRITO: 1. SECCIÓN: 001.MESA: A.

CENTRO SOCIAL POLIVALENTE DE PEDROUZOS.

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	PENICHET	CASTILLEJO	ANA TANIA	45736086B
1r VOGAL:D/Dª	SANCHEZ	CONDE	JAVIER	44814196F
2.º VOGAL:D/Dª	MOSQUERA	REY	MARIA DEL MAR	78794826T

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	RODRIGUEZ	SANCHEZ	MARINA	34922942H
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	PEREZ	JUANES	LUIS	07969465B
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	SANCHEZ	PEREIRA	MARIA JOSEFA	33204803W
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	MARTINEZ	LAGO	ROSA	33290778A
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	SEÑORIS	MARTINEZ	RUBEN	73591710J
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	CAAMAÑO	POSE	JOSE ANDRES	45848145Z

DISTRITO: 1. SECCIÓN: 001.MESA: B.

CENTRO SOCIAL POLIVALENTE DE PEDROUZOS.

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	ROMAN	GONZALEZ	HORTENSIA	76568758X
1r VOGAL:D/Dª	QUINTANS	LOPEZ	MARIA BELEN	33278251B
2.º VOGAL:D/Dª	VECINO	CAROU	EDUARDO	78804580W

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	FRAGA	ABETE	MARIA CRUZ	78787729X
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	PINEIRO	QUINTELA	MARTIN	78805968X
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	MARCOS	PRIETO	JOSE MANUEL	34275307V
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	LEON	OTERO	MARIA	79331485T
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	VIGO	IGLESIAS	ROSENDO	44820143C
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GARCIA	CIUDAD	MARIA LUISA DOLORES	33219993N

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 001.MESA: A.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ANXELES

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	VIGO	CASTRO	SERGIO	44829009P
1r VOGAL:D/Dª	RODRIGUEZ	REQUENA	JESUS	25139515D
2.º VOGAL:D/Dª	VIGO	VALES	RAMON	44821046A

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	FUENTES	NEAVE	PABLO	44819572R
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	PICALLO	REGUEIRO	IRENE	44835344H
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	DELGADO	FLORIDO	ANA MARIA	77813041Q
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	BLANCO	FERNANDEZ	ANA MARIA	35459199F
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	MARTINEZ	PORTOS	SANTIAGO	33251255V
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	BERDULLAS	BALSA	MANUEL	78799799M

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 001.MESA: B.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ANXELES.

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	ALVAREZ	PEREZ	ANDREA	45861487Q
1r VOGAL:D/Dª	GAYOSO	MIRAGAYA	OLIVA	33312389V
2.º VOGAL:D/Dª	FERNANDEZ	VILLAR	ANXO	45871542C

SUPLENTE

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	SANTIAGO	IGLESIAS	MARIA DEL PILAR	35303673F
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	CARIDE	MARTINEZ	MARIA DEL MAR	35464515X
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	SANCHEZ	MERINO	LUIS ALFONSO	44910008R
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	IGLESIAS	LUACES	SORAYA	32829718R
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	VILLAR	BRUN	SILVIA	52494778S
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	ALCALDE	GAGO	MARGARITA	76515266Q

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 002.MESA: A.

ANTIGO LOCAL SINDICAL DOS ANXELES

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	GONZALEZ	GARCIA	JACINTO	36044451R
1r VOGAL:D/Dª	GARCIA	RODRIGUEZ	FRANCISCO	44812526Q
2.º VOGAL:D/Dª	ESPIÑEIRA	CASTRO	MARIA	78796395M

SUPLENTE

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	MARTINEZ	PEREZ	ESTEFANIA	79328440Z
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	VIDAL	MARTINEZ	SANDRA	79319949X
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	MILLARES	BASADRE	FERNANDO CAMILO	33241183L
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	TOURIÑO	LAGO	JESUS	33222345H
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	BAAMEIRO	BLANCO	MARIA BALBINA	33235777H
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GONZALEZ	LAMAS	DIEGO	44828780D

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 002.MESA: B.

ANTIGO LOCAL SINDICAL DOS ANXELES

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	CRISTOBO	LOJO	BREIXO	44829159C
1r VOGAL:D/Dª	ROMERO	MANEIRO	JESUS	44842777E
2.º VOGAL:D/Dª	TRIGO	TRIGO	JUAN ENRIQUE	33265556N

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	MOLINOS	RODRIGUEZ	DANIEL	76777203Y
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	PUIME	MONTERO	PALOMA MARIA	36045550L
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	TORRADO	RIOS	RICARDO JOSE	76965390F
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	BARRIO	PAZ	LUIS	76553839H
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	GIL	CALVO	MARIA VICTORIA	35255413R
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GARCIA	PEREZ	MARIA LUZ	78795444C

DISTRITO: 3. SECCIÓN: 001.MESA: A.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SABAXÁNS.

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	PEGO	VILAS	FATIMA	78794261X
1r VOGAL:D/Dª	CAMIÑO	VILLVERDE	ANA CRISTINA	33293061D
2.º VOGAL:D/Dª	GARCIA	OTERO	LUISA	33230773M

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	MOSQUERA	BLANCO	FRANCISCO JAVIER	44845246F
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	DOMINGUEZ	GRELA	CARLOS	33295482S
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	GONZALEZ	GARCIA	ALBA	44825535F
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	LOURIDO	SANTOS	JOSE MANUEL	79330076V
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	RODRIGUEZ	CELA	VICTORIA	44811381K
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	IGLESIAS	MENA	CARMEN PAMELA	45957562C

DISTRITO: 3. SECCIÓN: 001.MESA: B.

SINDICATO AGRÍCOLA.

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	BARRAL	VARELA	JUAN JESUS	33289402F
1r VOGAL:D/Dª	CHAVES	MEJUTO	LAURA	44844291H
2.º VOGAL:D/Dª	TEMBRA	TUÑEZ	MARIA DEL PILAR	36131883X

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	RODRIGUEZ	CAMPOS	RAMON	78797972H
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	EXPOSITO	RAMOS	SUSANA	36161767V
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	RIVEIRO	GARCIA	SERGIO JOSE	44810373W
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	MATO	MELLA	MARINA	78795131Y
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	CREGO	NOYA	CESAR	78799894P
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GROBAS	SEBIO	LAURA	45906012J

DISTRITO: 4. SECCIÓN: 001.MESA: A.

TELECLUBE DE LUAÑA.

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	CODESO	SUAREZ	MARIA ASUNCION	44810988L
1r VOGAL:D/Dª	GARCIA	SAMPAYO	ROSA MARIA	33291984J
2.º VOGAL:D/Dª	BEIROA	RODRIGUEZ	ARANCHA	45908513F

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	VAZQUEZ	DOSIL	LAURA	45907445C
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	RODRIGUEZ	RODRIGUEZ	CARMEN	33287683J
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	SANDA	BARBAZAN	MA CARMEN	33273681H
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	GONZALEZ	CAJUSO	MARIA JOSE	44812460L
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	TOME	GONZALEZ	IRENE	33244486X
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GOMEZ	ABEIJON	ANTONIO BRAULIO	33242946B

DISTRITO: 4. SECCIÓN: 001.MESA: B.

ANTIGA ESCOLA DE CORNANDA.

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	CASAL	MARTINEZ	YOLANDA	78803661A
1r VOGAL:D/Dª	ALONSO	VAZQUEZ	FRANCISCO JOSE	08112483S
2.º VOGAL:D/Dª	CASTRO	GARCIA	M OLGA	76513835B

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	DOSIL	NEO	JOSE ANGEL	44824897J
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	DOSIL	NEO	BELEN	45848239Q
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	MOLDES	SUAREZ	MARIA FLORA	78798638V
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	FIGUEROA	CAAMAÑO	ISABEL	44819660C
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	SOUTO	GOMEZ	MARIA DEL MAR	44821174Q
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GOMEZ	ABEIJON	M. CARMEN	33287366H

DISTRITO: 4. SECCIÓN: 001.MESA: C.

TELECLUBE DE VICESO

TITULARES

CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
PRESIDENTE/A D/Dª	CALO	GARCIA	MARTIN	45870987V
1r VOGAL:D/Dª	FERNANDEZ	BARBAZAN	NATALIA	44841190E
2.º VOGAL:D/Dª	SUAREZ	TRABA	MANUEL	33297335M

SUPLENTES

1r PRESIDENTE/A:D/Dª	BELLON	ESPARIS	ISABEL	78794388E
2º PRESIDENTE/A:D/Dª	VIDAL	CAJUSO	MANUEL	76501055L
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	ESPARIS	BARBAZAN	JOSE	33248131K
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	OTERO	OTERO	ANGELA	78736559S
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	VILELA	PIÑEIRO	LUIS	49403717Q
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	BERDULLAS	TOME	EVA	44835846Z

Acórdese igualmente por unanimidade dos membros presentes que no caso de que a Xunta Electoral de Zona por estimación das alegacións que se presenten polos designados ou por outro motivo, solicite a designación dalgún novo membro de mesa, se faga uso do resultado do sorteo informático celebrado hoxe posto que sorteáronse nove postos de suplente por cargo titular.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González